

Praza número: 26/1029

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Química Física

Departamento: Química

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 10:30 horas do día 16 de xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia:	Alatzne Carlosena Zubieta
Secretaría:	Francisco José Penedo Blanco
Vogal 1º:	Emilia Iglesias Martínez
Repr. persoas traballadoras:	David Esteban Gómez

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s:

Outras áreas de Química (Química Analítica, Química Inorgánica, Química Orgánica, Enxeñaría Química) e Física Aplicada.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

Praza número: 26/1029

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Química Física

Departamento: Química

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

- Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Non se considerarán publicacións sen ISBN.

Libros de editoriais internacionais 4 puntos, libros de editoriais nacionais 2 puntos, libros de editoriais locais 1 punto.

Aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5 cando o número de autores sexa superior a seis.

- Artigos de docencia publicados en revistas académicas e capítulos de libro de docencia (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5 cando o número de autores sexa superior a seis.

- Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Coordinación de proxecto internacional ata 4 puntos e participación ata 2 puntos. No caso de ámbito nacional, recibirá a metade da puntuación. A participación recibirá a metade da puntuación.

- Estadías docentes (máximo de 2 puntos).
- Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).
- Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

En relación ao número de autores, para máis de seis autores aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5.

En relación á posición na base de datos *Journal of Citation Reports* (JCR) aplicaranse os seguintes coeficientes: Q1: 1; Q2: 0,75; Q3: 0,5 e Q4: 0,25.

- Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Praza número: 26/1029

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Química Física

Departamento: Química

En relación ao número de autores, para máis de seis autores aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5.

En editorial de prestixio internacional multiplicarase por 1, en editorial nacional por 0,5 e para editorial local por 0,2.

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

So se valorarán as contribucións nas que a persoa solicitante sexa o/a poñente.

Conferencia invitada en congreso internacional: 0,5 puntos

Conferencia oral en congreso internacional: 0,25 puntos

Comunicación panel/póster en congreso internacional: 0,1 puntos

No caso de congresos nacionais, as puntuacións anteriores multiplicaranse por 0,5.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

A valoración será de ata 1 punto por ano con dedicación a tempo completo en función da relevancia e adecuación á especialidade de coñecemento das tarefas desenvolvidas; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

A Coruña, 16 de xullo de 2026 .

A presidencia,

A secretaría,